En Galicia, o proceso de admisión dos graos universitarios está realizado pola CIUG, e na USC o proceso de matrícula realizase on.line a través da páxina web da USC polo que o Centro non ten competencias nos mesos ainda así, na web propia inclúese información e enlaces de acceso tanto á aplicación NERTA como ao formulacio de matrícula da USC. Non obstante, ao tratarse dun centro adscrito, a Escola realiza un proceso de incrición do alumnado posterior á matrícula do mesmo na USC. Este proceso está documentado e explicado tanto na web propia como nos folletos informativos e guías que publica a Escola poidendo descargar a documentación necesaria para o mesmo e toda a información na web propia.

A través da Guía académica anual, que se lle entrega a cada alumno/a no momento da súa inscrición no Centro e do apartado de novas da páxina web apoiase o proceso de incorporación do alumnado á vida académica do Centro. Neste senso, o primeiro día de clase, celébrase unha Xornada de Acollida na que a Dirección do Centro e representantes de distintos servizos, así como o/a Coordinador/a de Curso, informan ao alumnado das cuestións relevantes tanto en relación á Institución como á Titulación. Bótase en falta a presencia dalgún representante da USC no Centro que informe ao alumnado do funcionamento dos Servizos da USC.

Tal e como se contempla na Memoria de Grao (apartado 4.3), impartiuse o Curso Cero para o alumnado de novo ingreso, no mes de decembro propiciando así a posibilidade de que, o alumnado de novo ingreso da convocatoria de setembro, poida asistir ao mesmo.

O indicador IN01-PC-05 considera só as prazas ofertadas para primeiro de Grao (90) e non ten en conta as 40 ofertadas pola Titulación para o Curso Ponte. O número de prazas cubertas en inicio de estudios en primeiro foi de 52 sendo 56 o alumnado de novo ingreso. A matrícula total da titulación é de 348 alumnos/as (IN02G-PC-05) dos que 94 son de novo ingreso (1º curso máis curso ponte)(IN03G-PC-05). A variación de matrícula de inicio de estudios IN05G-PC-05, foi de -39,53. Posto que é o segundo ano consecutivo que este indicador apunta a que non se completan as prazas ofertadas, procede deseñar propostas de mellora para disminuir a diferencia entre prazas ofertas e demanda real.

A nota media de acceso por preinscrición foi de 6,34 (IN06-PC-05) e o 48,08% do alumnado accede cunha cualificación igual ou superior a 6,0 (IN07G-PC-95). Segundo o indicador IN10G-PC-05 a relación de estudiantes preinscrito en primeira opción matriculados por primeira vez sobre prazas ofertadas é de 38,89% non obstante, según datos da CIUG e do propio centro publicados na Memoria de Actividades, do alumnado matriculado, o 70%.escolleu como primeira opción o Grao en Traballo Social na Escola de Santiago e un 20% en segundo lugar. Así unha ampla maioría do alumnado que ingresa no Grao o fai por elección persoal na carreira escollida o que reforza a idea de que son unos estudios cunha importante carga vocacional

A porcentaxe de estudantes extranxeiros sobre matriculados (IN08-PC-05) é de 1,15 e a porcentaxe de estudantes de fóra de Galicia é de 1,44 (IN09-PC-05). O descenso no número de alumnos totais na titulación, tamén se reflicte nos datos en relación ao estudantes extranxeiros e nacionais de fora de Galicia. O alumnado que recibimos a través dun Convenio Bilateral procedía de México e a estancia se prolongou durante 6 meses (INF16). As valoracións da alumna recollidas no informe INF16 en relación a súa estadía no noso Centro están moi por encima da media da USC. Así, a axuda recibida polo coordinador académico é valorada como 5 (media da USC 3,43); a integración na institución é de 5 (media USC 3,20); o nivel de atención do profesorado é 9,0 (media USC 7,70). Só na valoración das instalacións, a puntuación obtida e inferior a media da USC.

**BOAS PRÁCTICAS:**

- Celebración da Xornada de Acollida por parte da Escola para o alumnado de novo ingreso.
- Entrega, a cada alumno/a dunha Guía Académica específica tanto para o Grao como para o Curso Ponte con información de interese para cada colectivo que está tamén dispoñible na web propia

**PROPOSTAS DE MELLORA:**

-Envío de documentación (folletos informativos) da Titulación, saídas profesionais e das características do Centro, aos Centros de Ensino Medio e Ciclos de Formación e reforzar a colaboración coa USC nos programas divulgativos.

**-**Ampliar a información na páxina web da USC en relación á Titulación

-Ofertar a Centros de Ensino Medio a posibilidade de impartir charlas informativas sobre a titulación.

-Publicación de información da titulación nos principais diarios dixitais de Galicia

| BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS | XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS |
|---|---|
| | |

## Planificación das ensinanzas

*Valorarase o criterio de "Planificación das ensinanzas" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e as directrices de "Planificación da ensinanza", "Garantía da calidade dos programas formativos" e "Xestión do proceso de ensinanza-aprendizaxe" do Programa FIDES-AUDIT.*

**Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio**

| Satisfactoria | A | Suficiente | B | Insuficiente | C | Ausencia de evidencias documentais | D |
|---|---|---|---|---|---|---|---|

**Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:**

Só 5 alumnos proceden de fora da Comunidade Autónoma de Galicia. Os estudios de Traballo Social están moi vinculados ao Sistemade Servizos Sociais que é competencia exclusiva das Comunidades Autónomas polo os contidos formativos están moi cincunscritos á realidade social de cada Comunidade Autónoma. O 52,3% do alumnado procede da provincia de A Coruña, e o 29% da provincia de Pontevedra que son as provincias con maior poboación de Galicia. Só un 3,6% do alumnado procede da provincia de Ourense xa que na capital da provincia existen os estudios de traballo social na Universidade pública. O resto procede da provincia de Lugo

Na planificación docente, contemplouse a concentración da docencia expositiva no primeiro mes de cada cuadrimestre para poder dispoñer dunha base teórica previa ao inicio da docencia interactiva.

Debido a organización temporal da realización das probas de selectivo en Galicia, no mes de setembro, o alumnado que accede aos estudios universitarios nesta convocatoria ven incorporándose á docencia do grao con mes e medio de retraso en relación aos compañeiros que acceden no mes de xullo. En cursos anteriores veuse a dificultade que éstes tiñan para cumprir os obxectivos previstos nas materias do primeiro cuadrimestre polo que na PDA contémplase un grupo de docencia interactiva conformado con este alumnado con un calendario adaptado as súas circunstancias e con apoio para a docencia expositiva xa impartida, de cada unha das materias do 1º cuadrimestre.

A Coordinación dos programas das materias se realiza a través dun proceso establecido polo Centro do que é responsable a Coordinadora de Título. O Coordinador/a de cada curso, realiza unha análise dos programas das materias do curso correspondente contemplando que haxa unha coherencia entre as distintas línguas, que se inclúan as competencias establecidas para cada materia, evitando o solapamento de contidos en materias pertencentes ao mesmo. Módulo buscando a complementariedade de contidos. De ser necesaria a realización de modificacións, corrección de erros etc, o coordinador/a correspondente comunícase co profesorado que proceda.

A docencia no Curso Ponte ao Grao en Traballo Social, cun total de 38 alumnos/as impártese nun grupo creado específicamente en horario de tarde, atendendo ás circunstancias profesionais do alumnado. Facilítaselles a posibilidade de superar as materias a través de traballos e actividades propostas polo profesorado, previa solicitude de dispensa de asistencia ás clases, mantendo un contacto continuo có alumnado tanto a través das titorías programadas como por vía telefónica e/ou telemática.

A EUTS, tanto na titulación anterior como na actual, consideran moi relevantes ás prácticas e particularmente ó desenvolvemento do Practicum de 4º curso. Neste senso a Dirección nomea a un/ha coordinador/a do Practicum que, durante o segundo cuadrimestre, está con adicación exclusiva para, entre outras funcións, a xestión, desenvolvemento, seguimento, coordinación e apoio ao resto dos titores académicos, contacto cos Centros de Practicas dese curso, seguimento e establecemento de convenios e preparación do practicum do curso seguinte. Ao longo do período do

Practicum, o coordinador/a e os profesores/as titores académicos, manteñen un contacto periódico cos profesionais titores externos mediantes comunicacións telefónicas, segundo un calendario establecido, e correos electrónicos é realiza unha visita ao titor/a externo no Centro de Prácticas para coordinación e seguemento do alumno/a.
O Profesorado Titor realiza sesións de seguimento grupais e individuais do alumnado que titoriza, que son de asistencia obrigatoria. Os indicadores de referencia das prácticas externas IN19G-PC-09 e IN20G-PC-09 de satisfacción dos estudiantes coas prácticas externas e cos titores externos, dan un resultado ao Centro de 4,52 e 4,17 sendo ambos superiores á media da USC.

Seguindo a filosofía e experiencia do Practicum, a Escola nomea un/ha Coordinador do TFG que coordina o proceso previo de convocatoria do TFG para cada oportunidade e, xunto cos titores, establecer e unificar criterios para seguimento do alumnado e establecese un calendario de sesións grupais e individuais de seguimento do alumnado que son de asistencia obrigatoria. Ao longo do cuadrimestre, o profesorado titor/a dos TFG están a disposición do alumnado para consultas tanto de xeito presencial como telefónicas e/ou por correo electrónico. Na páxina web propia, a través do portal do estudante no apartado específco da asignatura TFG o alumnado ten acceso a información actualizada relevante para o desenvolvemento da materia, prazos etc.

Cada curso académico, a EUTS elabora *Manual de Practicum e Traballo de Fin de Grao* . A Coordinadora do Practicum e a Coordinadora do TFG son as persoas responsables da súa edición e de recabar aportacións do profesorado implicado tanto no Practicum como nos TFG así como as suxestións recollidas do alumnado que os realizou o curso anterior.

Por primeira vez, ofertouse, previa xestión do Centro coa USC, a posibilidade de que o alumnado que só tiña pendente para a súa graduación a realización do Practicum e/ou o TFG, poidesen cursalo/s no primeiro cuadrimestre, adiantando así a opción da súa graduación ao mes de febreiro (O plano de estudios, establece que ambas materias se imparten no 2º cuadrimestre de 4º curso). Dúas alumnas se acolleron a esta modalidade.

Segundo datos da Memoria de Actividades da EUTS no curso 2013-2014 participaron no programa Sicue-Séneca tres alumnos/as da EUTS realizando estancias de 9 meses (dúas alumnas) e de 5 meses (1 alumna). No marco dos Programas de Intercambio e/ou Erasmus, recibimos no noso Centro a un total de 11 alumnos. No primeiro cuadrimestre recibimos a unha alumna procedente de Brasil, a dúas alumnas procedentes de México e a unha alumna (a través do programa Erasmus) procedente de Alemania, e no segundo cuadrimestre recibimos a 7 alumnos/as procedentes de China. Na páxina web propia hai un apartado específica para os programas SICUE e Erasmus coa información dos convenios subscritos polo Centro. No momento de apertura de cada convocatoria, realízase o correspondente anuncio tanto no Centro como no apartado Novas da páxina web.

Ao longo do curso 2013-2014 asináronse 5 novos convenios para a realización do Practicum do alumnado, segundo a normativa vixente que unidos aos 84 asinados o ano pasado elevan a 89 os convenios suscritos polo Centro.

**BOAS PRÁCTICAS:**
-Adaptación do horario do alumnado de novo ingreso de setembro, ao calendario de acceso dos mesmo á Universidade retrasando o inicio das clases interactivas e reforzando os contidos expositivos impartidos con anterioridade a seu ingreso.
-Flexibilidade na asignación de grupo interactivo para o alumnado con materias de distintos cursos, coa finalidade de facilitarlle a asistencia a todas as clases das materias nas que se atope matriculado/a.
-Creación dun grupo específico para o Curso Ponte ao Grao que lles facilita a asistencia as clases, atendendo as condición laborais da maioría do alumnado matriculado.
-Seguimento individualizado do Practicum e TFG e visitas por parte do titor académico, aos Centros onde realizan as

prácticas os/as alumnos/as do Practicum.

-Revisión e reedición do *Manual do Practicum e TFG,* editado por Andavira, e que se facilita gratuitamente.

-Comunicación vía mail continua e fluida co profesorado das novidades que se producen ao longo do curso.

-Comunicación ao profesorado das novidades adquiridas na biblioteca do centro mensualmente.

-Existencia dun protocolo centralizado responsabilidade da Secretaria de Centro, para a xestión de faltas de asistencia ao alumnado co obxecto de garantir o cumprimento da Lei de Proteccion de Datos de Carácter Persoal.

**PROPOSTAS DE MELLORA:**

| **BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS** | **XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS** |
|---|---|
| | |

## Recursos humanos

*Valorarase o criterio de "Persoal académico" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e a directriz de "Garantía da calidade do persoal académico e de administración e servizos" do Programa FIDES-AUDIT.*

**Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio**

| Satisfactoria | A | Suficiente | B | Insuficiente | C | Ausencia de evidencias documentais | D |
|---|---|---|---|---|---|---|---|

**Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:**

No curso de referencia, o Centro conta cunha plantilla de 24 persoas, das que 18 son persoal académico e 6 forman parte do persoal de administración e servizos. Do total do profesorado, 7 persoas contan co título de doutor/a (42,8% do profesorado) e outros 5 están en proceso de elaboración da súa tese doutoral. Estos datos non sufriron variacións evidentes respecto do curso anterior, salvo os avances que, na redacción da tese, se teñan producido neste período.

En relación ao establecido na Memoria de Título, descendeu o número de profesores, 20 no momento da redacción, cunha previsión de incrementos de 2 persoas máis a tempo parcial e 1 con adicación exclusiva. Si ben non se teñen producido estas novas contratacións, si ten aumentado o número de persoas a xornada completa (7 persoas – 3 acreditados -na actualidade, 6 entonces) e tamén se ten incrementado, nalgúns casos, a adicación de algúns/unhas profesores/as contratados/as a tempo parcial.

O descenso do alumnado (un 10% no ano 2013), e a decisión de optar polos beneficios dunha maior implicación co centro incrementando as horas de adicación de parte do profesorado, teñen influido nesta política de recursos humanos.

**BOAS PRÁCTICAS:**

**-**No capítulo de formación, todo o persoal con adicación exclusiva, pode solicitar dispor do tempo necesario para cursos de formación, e mesmo a financiación da matrícula pola EUTS, sempre que os contidos estean vinculados a súa actividade e a súa ausencia non afecte substancialmente á dinámica de funcionamento do centro.
-Respecto da producción científica, en relación a Congresos e Xornadas, a institución faise cargo da matrícula sempre que o/a profesor/a presente unha comunicación ou poster ou participe noutra actividade oficial en representación da EUTS.
-Para facilitar a conciliación coa vida familiar e o traballo na tese ou outras actividades formativas, organízase o horario docente e de adicación, de xeito que cada profesor/a con adicación exclusiva, conte con tres tardes libres á semana.

**PROPOSTAS DE MELLORA:**

| BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS | XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS |
|---|---|
| | |

## Recursos materiais e servizos

*Valorarase o criterio de "Recursos materiais e servizos" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e a directriz de "Garantía da calidade dos recursos materiais e servizos" do Programa FIDES-AUDIT.*

**Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio**

| Satisfactoria | A | Suficiente | B | Insuficiente | C | Ausencia de evidencias documentais | D |
|---|---|---|---|---|---|---|---|

**Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:**

A Escola está ubicada nun edificio histórico, afectado por normas específicas de protección de patrimonio, no casco monumental de Santiago. Ocupa unha superficie de 1.800 $m^2$. A posibilidade de modificar os espazos está dificultada polas características anteriormente descritas do edificio.

Os espazos disponibles son os especificados na MVT que se foron adaptando segundo as necesidades docentes, en canto a súa capacidade. A Escola conta, para a docencia, con 4 aulas, dous seminarios, un Aula de Informática con 20 postos, e dúas salas para titorías. Actualmente se imparte clase a 4 cursos de grao e ao Curso Ponte ao grao. Os espazos disponibles se axustan ás necesidades docentes. Cada aula e seminario está dotada de ordenador e canón.

A Biblioteca da EUTS dispón de 32 postos na sala de consulta e os fondos a 31 de decembro de 2013 son de 13.308 monografías (58 máis que o curso anterior); as publicacións periódicas son 358, das que 31 están activas; e se arquivan 278 TFG correspondente ao alumnado desde o curso 2011-2012 ao 2013-2014.

O resto dos espazos disponibles destínanse a despachos de profesorado, dirección, administración e sala de xuntas, e secretaría.

O feito de que a propiedade das instalacións sexa allea á Fundación Santiago Apóstol de Ciencias Sociais e tratarse dun edificio de protección de patrimonio dificulta habilitar novos espazos. Así, o alumnado non ten asignado un espazo propio e solicita o uso dun espazo disponible ante a dirección da Escola, en función das súas necesidades e interese. A Escola puxo a súa disposición un armario con chave e un buzón propio.

O deterioro de parte do mobiliario e a necesidade de maior capacidade para almacenar documentación levou a renovar mobiliario na Secretaría, Administración e Departamento de Servizos Sociais, e pospoñer a renovación do mobiliario das aulas.

O feito de que o Centro esté ubicado nun edificio protexido por patrimonio condiciona a realización de obras de mantemento e rehabilitación facendo máis complexa calquera actuación neste sentido. No curso de referencia, invirteuse no mantemento en parte das instalacións (pintado de paredes e barnizado de solo), así como en renovar parte do equipamento técnico e informático coa (ordenador portátil, nova impresora para a Aula de Informática, novo fax, periféricos informáticos, etc).

Ao longo do curso 2013-2014 asináronse 5 novos convenios para a realización do Practicum do alumnado, segundo a normativa vixente que unidos aos 84 asinados o curso anterior elevan a 89 os convenios suscritos polo Centro.

**BOAS PRÁCTICAS:**

-Resposta axil as necesidades tanto de mantemento de instalacións como recursos materiais.

- Non se limita, dentro de términos razoables, a demanda de manuais ou bibliografía por parte do profesorado para o desenvolvemento das materias.

-Resposta inmediata ás necesidades de espazos por parte do alumnado

**PROPOSTAS DE MELLORA:**

-Dotar de dous ordenadores para consulta on-line dos fondos de biblioteca da EUTS

-Inicio do procedemento para a renovación da cuberta da parte correspondente á EUTS (proxecto, orzamentos, permisos etc)

| BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS | XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS |
|---|---|
| | |

## Resultados previstos

*Valorarase o criterio de "Resultados previstos" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e as directrices de "Análise e utilización dos resultados para a mellora dos programas formativos" e "Publicación da información e rendición de contas sobre os programas formativos" do Programa FIDES-AUDIT.*

**Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio**

| Satisfactoria | A | Suficiente | B | Insuficiente | C | Ausencia de evidencias documentais | D |
|---|---|---|---|---|---|---|---|

**Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:**

Das 90 prazas ofertadas(IN01-PC-05) para o alumnado de novo ingreso, cubríronse 94 (IN03-PC-05). O total de alumnado matriculado no Grao é de 348 (IN02G-PC-05) distribuídos nos cinco cursos ofertados, dos que 38 corresponden ao alumnado do Curso Ponte. En cómputo global o alumnado matriculado no grao no curso 2013-2014 supón un 10% menos que no curso anterior, consecuencia lóxica da baixada do alumnado de inicio de estudios (IN04-PC-05) que é de 52 alumnos frente aos 86 do curso 2012-2013

A porcentaxe de alumnado que accede ao título con puntuación maior ou igual a 6 é do 48,8% . O valor do indicador do informe de seguimento do curso 2012-2013 estaba equivocado pois no histórico que publica á USC da un de 45, 35% (frente ao 52,3 que nos indicaba o curso pasado) polo que, a porcentaxe de alumnado que accede aos estudos con cualifacación maior que 6 aumenta lixeiramente. A nota media de acceso por preinscrición é de 6, 34 (IN06G-PC-05)

Segundo datos da USC, as taxas da EUTS son as seguintes para o curso 2013-2014 (http://www.usc.es/gl/servizos/calidade/titulosoficiais/datosgraos.html) indicadores IN34G-S01-PM-01 a IN41G-S01-PM-01:

-Taxa de rendemento do título: 87,24% , superior á media da USC que é de 76,89%, mellorando os resultados propios respecto ao curso anterior.
-Taxa de éxito: 92,61% frente ao 85,95 da media da USC
-Taxa de avaliación: 94,20% frente a 89,46% da media da USC
-Taxa de graduación: non se dispón de datos
-Duración media dos estudios: 4 que son os anos contemplados para o grao
-Eficencia dos titulados: 99,55% frente ao 95,64% da media da USC
-Taxa de abandono durante o primeiro curso: 11,24% frente a 14,28% da media da USC
-Inserción laboral: non se dispón de datos
-Satisfacción do alumnado coa docencia recibida: 3,86 frente ao 3,78 da media da USC
-Satisfacción do profesorado coa docencia impartida: 3,10 frente a 3,76 da media da USC.
-Taxa de resposta na enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida: 24,86% frente a 31,36%
-Porcentaxe de actas fora de prazo: 0%
-Satisfacción dos estudantes cos programas de prácticas externas (IN18-PC-09): 4,52 frente a 3,85 da media de USC
-Satisfacción dos titores académicos con programas de prácticas externas: 4,17 na media da USC.

En canto aos indicadores en relación ás prácticas externas, valoramos os datos de xeito moi positivo, tendo en conta que a máxima cualificación é 5. A mellora dos indicadores en relación ao curso pasado reforza a idea de estar ofertando unha apredizaxe adecuada para que o alumnado adquira as competencias e alcanza os obxectivos previstos na memoria de grao.
Daquelas taxas que se dispón datos valóranse que as cifras son boas estando, a maioría dos datos, por encima da media

da USC sendo a diferencia en varios indicadores superior a 5 puntos porcentuais. Ainda así, a taxa de abandono durante o primeiro curso, sendo inferior a media da USC, incrementouse en 5 puntos en relación ao curso anterior. Tense detectado alumnado matriculado en 1º curso ao non ser admitido noutra titulación de maior interese pero pertencente a mesma Rama de Coñecemento polo que, ao curso seguinte, optaron por ingreso nesa titulación de maior preferencia e algún alumno que trasladou expediente para Centros Públicos onde se imparte a titulación.

**BOAS PRÁCTICAS:**

-Envío de comunicación vía correo electrónico ao profesorado incidindo en período de actas aberto e data límite de peche.

-Seguimento desde a Secretaría de Centro do peche e sinatura das actas no prazo establecido

-Reuniones previas có alumnado que se incorpora ao curso seguinte ao Praticum

-Sistema de xestión das prácticas externas: Coordinado con adicación exclusiva no 2º cuadrimestre con apoio administrativo; Coordinación entre titor/a académico e titor/a externo; Reuniòns in situ no centro de prácticos dos titores/as académicos e externos, etc..

**PROPOSTAS DE MELLORA:**

-Impulsar as medidas que están en marcha dirixidas tanto ao alumnado como ao profesorado para incrementar a participación nas enquisas de satisfacción.

| BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS | XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS |
|---|---|
| | |

## Sistema de garantía da calidade

*Valorarase o criterio de "Sistema de garantía de calidade" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e o Sistema de Garantía Interna da Calidade (SGIC) do Centro.*

**Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio**

| Satisfactoria | A | Suficiente | B | Insuficiente | C | Ausencia de evidencias documentais | D |
|---|---|---|---|---|---|---|---|

**Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:**

Para o curso 2013-2014 á USC facilitou unha ferramenta de apoio para xerar evidencias no SGIC a través dunha aplicación informática. A Responsable de Calidade e a Coordinadora de título da EUTS, centro adscrito á USC non tiveron acceso a dita aplicación ata finais do curso o que impediu xerar as evidencias a través da mesma.

A través dos Coordinadores de curso, se fixo un traballo de concienciación ao profesorado e ao alumnado en relación á importancia da súa participación nas enquisas de valoración da docencia recibida co obxecto de coñecer o sentir maioritario de cada un dos colectivos implicados. Nos prazos establecidos pola USC, o Centro fixo divulgación das datas do período de avaliación da docencia no taboleiro da EUTS, na pantalla informativa, na páxina web propia e nas aulas así como colocación dos carteis remitidos pola Universidade. A taxa de alumnado que respondeu á enquisa de satisfacción coa docencia recibida aumentou respecto ao curso anterior ainda que se deben levar acabo accións para mellorar esta participación pois segue a ser inferior á media da USC.

As persoas implicadas na xestión e seguimento do SGIC da Escola son conscientes da necesidade de reforzar, entre o persoal e alumnado o coñecemento do SGIC e a importancia que os procesos do mesmo teñen para o mellor desenvolvemento do título en todas as súas dimensións. Detéctase, en xeral, unha falta de motivación do alumnado para participar en actividades non académicas (participación en órganos de representación, solicitudes no programa titores, baixa participación nas eleccións de representantes…) polo que debe incidirse na importancia da súa participación e aportacións como uns dos actores importantes no desenvolvemento da dinámica do Centro, máis alá das actividades extrictamente vinculadas aos estudios.

Continuouse có proceso de adaptación da documentación propia á Lei de Protección de Datos de Carácter Persoal, para o que se conta con asesoría legal externa.

As evidencias xurdidas da implantación do SGIC no curso académico 2013-2014, son as seguintes:
-Actas da Xunta de Centro
-Actas da Comisión de Título
-Actas da Comisión de Calidade
-Informes dos/as Coordinadores/as de curso
-Informes do/a Coordinador/a de Titulación
-Informes do PDA e modificacións, de ser o caso
-Informes de POD e modificacións, de ser o caso
-Informes de asistencia a clase de cada materia
-Informes de xustificación de faltas de asistencia (Secretaria da EUTS)
-Enquisas satisfacción do alumnado coa docencia recibida
-Valoración do/a titor/a académico/a do Practicum (enquisa propia da EUTS)
-Valoración do titor do TFG (enquisa propia da EUTS)

-Relación de convenios vixentes para o curso académico
-Memoria anual de actividades da Fundación Santiago Apóstol de Ciencias Sociais, titular da EUTS
-Guía académica Grao
-Guía académica Curso Ponte
-Folletos informativos
-Convocatoria Bolsa de Axuda ao Estudio da Fundación Santiago Apóstol de Ciencias Sociais
-Convocatoria Bolsa de Axuda para a Aula de Informática
-Convocatoria Curso dirixido a titores externos
-Convocatoria Curso Cero

**BOAS PRÁCTICAS:**

-Elaboración da Memoria anual de actividades
-Elaboración das Guías Académicas
-Procedemento de xestión de faltas de asistencia
-Procedimento de protección de datos de carácter persoal.
- *Manual do Practicum e TFG,* editado por Andavira, e que se facilita gratuitamente

**PROPOSTAS DE MELLORA:**

- Motivar tanto aos titores académicos como aos titores externos, para a súa participación nas enquisas de satisfacción coas prácticas externas
- Motivar ao alumnado para a súa participación nas enquisas de satisfacción coa docencia recibida.
- Mellorar o coñecemento do SGIC de todos os colectivos implicados

| BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS | XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS |
|---|---|
| | |

## Calendario de implantación

*Valorarase o criterio de "Calendario de implantación" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010).*

**Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio**

| Satisfactoria | A | Suficiente | B | Insuficiente | C | Ausencia de evidencias documentais | D |
|---|---|---|---|---|---|---|---|

**Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:**

No curso 2013-2014, o Grao está completamente implantado e a Diplomatura está completamente extinguida

**BOAS PRÁCTICAS:**

Non procede

**PROPOSTAS DE MELLORA:**

Non procede

| BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS | XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS |
|---|---|
| | |

## 4.- ACCIÓNS LEVADAS A CABO ANTE AS RECOMENDACIÓNS ESTABLECIDAS NO INFORME FINAL DE VERIFICACIÓN E NOS SUCESIVOS INFORMES DE SEGUIMENTO.

| INFORME FINAL DE VERIFICACIÓN | |
|---|---|
| **Recomendacións establecidas no informe final** | **Accións levadas a cabo (incluíndo datas, responsable, estado, …)** |
| No informe final de verificación da ANECA con nº expe 3238/2010, no apartado de recomendacións só se fai mención ao criterio 6 (persoal académico) sinalándose: "Será de especial seguimento durante a implementación do título a efectiva posta en marcha do plan de apoio ao profesorado co obxectivo de ir aumentado a porcentaxe de doutores e dar cumprimento á LOU" | Criterio6: Persoal académico<br>En relación ao establecido na Memoria de Título, descendeu o número de profesores, 20 no momento da redacción (18 na actualidade)  cunha previsión de incrementos de 2 persoas máis a tempo parcial e 1 con adicación exclusiva. Si ben non se teñen producido estas novas contratacións, si ten aumentado o número de persoas a xornada completa (7 persoas – 3 acreditados - na actualidade, 6 entonces) e tamén se ten incrementado, nalgúns casos, a adicación de algúns/unhas profesores/as contratados/as a tempo parcial.<br><br>O descenso do alumnado (un 10% no ano 2013), e a decisión de optar polos beneficios dunha maior implicación co centro incrementando as horas de adicación de parte do profesorado, teñen influído nesta política de recursos humanos |
| No informe final de avaliación da modificación do plano de estudos con nº expediente 3238/2010 – ID MEC 2502230 establécense como recomendacións:<br>"Criterio 4: Acceso y admisión: Se recomienda informar explicitamente sobre el procedimiento utilizado por la USC para realizar el reconocemento de créditos en el curso de adaptación. Así mismo, se recomienda hacer explícito el órgano de admisión de estudantes, su composición y los criterios de valoración de los méritos" | Criterio 4: Acceso e admisión<br>O proceso de acceso e admisión para o alumnado do Curso de Adaptación é realizado pola USC. Ao ter un número limitado de prazas, os interesados teñen que facer unha solicitude de admisión (no mes de xullo). O proceso de selección,faise en función da nota media do expediente académico e se convoca a matrícula ata completar prazas. Dito proceso o realiza integramente a Universidade de Santiago a través da Secretaría Virtual. A EUTS apoia este proceso a través da súa páxina web propia, con información e enlaces ás páxinas da USC nas que o alumnado ten que realizar a preinscrición e a matrícula.<br><br>En relación ao recoñecemento de créditos, o plano de estudos do Grao en Traballo Social especifica:<br>• A experiencia profesional poderá ser obxecto de recoñecemento. Os diplomados aos que se oferta o curso de adaptación ou Curso Ponte ao Grao, poderán ver recoñecidos ata 18 créditos ECTS por experiencia profesional relacionada coas |

| | |
|---|---|
| | competencias inherentes ao título.<br>• Os traballadores social que teñan titorizado alumnado en prácticas da EUTS de Santiago do Plan da Diplomatura que se extingue ou do actual título de Grao en Traballo Social, poderán solicitar o recoñecemento de dita actividades ata un máximo de 18 créditos.<br>• O recoñecemento de créditos axustarase ao establecido polo Ministerio de Educación, quedando o Traballo de Fin de Grao e a materia Xestión de Organizacións, fora de calquer tipo de convalidación ou recoñecemento<br>O alumnado do Curso Ponte, solicita o recoñecemento na UXA Norte, quen o remite ao Centro. Na EUTS o órgano encargado de resolver ditas solicitudes é a Comisión de Título.<br>A Escola, na súa web, ten aberto un espazo de información específico para o Curso Ponte. |
| "Criterio 6: Recursos Humanos: Se aclara en el apartado 4.5 (curso de adaptación para titulados) que el plan de nuevas contrataciones docentes previsto en la memoria de verificación ha sido sustituido por un incremento en el régimen de dedicación de algunos de los profesores de la titulación (en uno de los casos ya se ha hecho efectivo este cambio de dedicación durante el curso 2011-2012). No obstante, no se cuantifica el incremento ni se informa sobre la dedicación horario prevista" | Criterio 6: Recursos Humanos<br>No curso de referencia, o Centro conta cunha plantilla de 24 persoas, das que 18 son persoal académico e 6 forman parte do persoal de administración e servizos. Do total do profesorado, 7 persoas contan co título de doutor/a (42,8% do profesorado) e outros 5 están en proceso de elaboración da súa tese doutoral. Estos datos non sufriron variacións evidentes respecto do curso anterior, salvo os avances que, na redacción da tese, se teñan producido neste período. |
| | |

| INFORMES DE SEGUIMENTO (indicar o ano) | |
|---|---|
| **Recomendacións establecidas no informe de seguimento** | **Accións levadas a cabo (incluíndo datas, responsable, estado, ...)** |
| No informe final de seguimento do curso 2012-2013, en relación ao apartado 1 Información Pública, as recomendación para a mellora son:<br>• Incluir na páxina da USC, no apartado de información do título, a información correspondente ao responsable e coordinador/a do mesmo. Incluir na páxina da EUTS no apartado de Equipo Directivo do título, ao coordinador/a do mesmo.<br>• Incluir a información relativa aos recursos materiales e servizos, onde aparezan refrexados os espazos destinados aos representantes dos estudantes e outros servizos. | • Ante a imposibilidade de facer dita modificación na páxina web da USC desde o Centro, envioușe á Secretaría Xeral correo electrónico o 30 de xullo de 2014 solicitando a inclusión, no apartado referido no informe, da Coordinadora de Título. O día 22 de setembro reiterouse dita solicitude. Neste momento está incorporado o nome da Coordinadora de Título do Grao en TS. Asimesmo, incluíuse na páxina web propia do centro no apartado do Equipo Directivo.<br>• Incorporouse na páxina web, no apartado Estrutura e Organización>localización e infraestruturas, información relativa aos recursos materiais e servizos. En relación aos espazos destinados aos representantes dos estudantes, no apartado recursos materiais e servizos, dase resposta a esta cuestión. |
| No informe final de seguimento do curso 2012-2013, en relación ao Criterio 1- Descrición do Título:<br>Se valora únicamente a demanda do título, pero non a conveniencia de manter ou modificar outros aspectos como o réxime de estudios, o tipo de ensinanza e os idiomas | Ante a baixada da matrícula de novo ingreso, se dirixiron comunicacións postais a centros de ensino medio con información da titulación, ofertando asímesmo acudir in situ a dar charla informativa. Publicouse información da titulación nos principais diarios dixitais de Galicia e a contratación dun banner para que a búsqueda de "traballo social" en google situase esta titulación en primeiro lugar. |
| No informe final de seguimento do curso 2012-2013, en relación ao Criterio 2-Xustificación:<br>Se recomenda recopilar información sobre a inserción laboral dos egresados para valorar a xustifación do título. Dado que os resultados de inserción laboral dos titulados non estarán disponibles ata 2 anos despois da implantación do título, se recomenda analizar a evolución dos históricos de resultados de inserción laboral existentes da titulación extinguida | Non se dispón de datos de egresados do Grao. Apórtanse datos referentes ao histórico da extinta diplomatura analizando os correspondentes aos diplomados nos cursos 2008-2009 e 2009-2010. |
| No informe final de seguimento do curso 2012-2013, en relación ao Criterio 3 – Competencias:<br>Sería moi positivo recopilar información sobre a satisfacción dos empregadores para valorar a adquisición das competencias da titulación | Non se dispón de datos a este respecto. A primeira promoción de graduados en traballo social egresou no curso 2011-2012 sendo alumnado que, desde 2º da diplomatura, adaptouse ao Grao. A promoción que cursou integramente os estudos de Grao egresou no curso 2013-2014. A información relativa á adquisición de competencias analízase a través das enquisas de satisfacción do alumnado coa docencia recibida, |

| | |
|---|---|
| | satisfacción do estudante cos programas de prácticas, satisfacción dos titores externos cos programas de prácticas e as taxas de rendemento, éxito, avaliación, eficiencia dos titulados…, sendo, en xeral, satisfactorios os resultados obtidos. |
| No informe final de seguimento do curso 2012-2013, en relación ao Criterio 4 – Acceso e admisión:<br>A caída da demanda aprecisase como un posible problema no futuro máis próximo, ainda que xa se teñen realizado algunhas propostas de mellora enfocadas a mitigar este problema, debe ser prioritario profundizar nesta cuestión. Debe valorarse si o esforzo debe centrarse únicamente en mellorar a difusión do título ou si sería convinte introducir modificacións que o fixesen máis atractivo (idiomas, dobres titulacións, intercambios con universidades extranxeiras…) | Se levaron a cabo actuacións de cara a incrementar o coñecemento da titulación. Así dirixíronse comunicacións postais a centros de ensino medio con información da titulación, ofertando asímesmo acudir in situ a dar unha charla informativa. Publicouse información da titulación nos principais diarios dixitais de Galicia e a contratación dun banner para que a búsqueda de "traballo social" en google situase esta titulación en primeiro lugar. |
| No informe final de seguimento do curso 2012-2013, en relación ao Criterio 6-Recursos Humanos:<br>A porcentaxe de doutores e os méritos investigadores do persoal docente ten sido cuestións obxecto de recomendacións no informe de verificación e modificación. O contexto actual dificulta a posibilidade de mellorar estas ratios mediante a contratación externa, pero debe prestarse especial atención ao progreso interno. É importante facer un seguimento do progreso dos profesores, establecer incentivos e esixir resultados. Os criterios de reparto da docencia e de programación poden orientarse a conseguir estos obxectivos. E tamén importante aportar información sobre a participación do PDI en programas de avaliación da calidade docente (DOCENTIA e similares), a súa repercursión no proceso-aprendizaxe e as actuacións para fomentar a participación do profesorado nestas avaliacións. Por último, se debe aportar información sobre os programas de formación do profesorado e do persoal de administración e servizos: utilidade, seguimento dos mesmos, satisfacción, etc.. | Incrementouse o horario de adicación de persoal a tempo parcial, máis o descenso no número de matrículas en primeiro curso condiciona as previsións feitas a nivel de recursos humanos na MVT.<br>O Centro apoia a formación do profesorado financiando a matrícula cando os contidos están vinculados a súa actividade, ou participa dunha maneira activa en Congresos, Xornadas,… en representación da EUTS. Organízase o POD de xeito que o profesorado con adicación exclusiva dispoña de tres tardes libres á semana para a elaboración das teses doutorais e a conciliación familiar. No apartado de recursos humanos deste informe apórtase a información e reflexión deste criterio. |
| No informe final de seguimento do curso 2012-2013, en relación ao Criterio 9 –Sistema de Garantía de Calidade:<br>Se deben establecer mecanismos para aumentar as porcentaxes de participación das enquisas de participación dos diferentes colectivos. De maneira xeral para futuros informes de seguimento, debense concretar as propostas de mellora establecendo plans de mellora e informar sobre o estado de execución destes plans nos informes anuais de seguimento. | A través dos Coordinadores de curso, se fixo un traballo de concienciación ao profesorado e ao alumnado en relación á importancia da súa participación nas enquisas de valoración da docencia recibida co obxecto de coñecer o sentir maioritario de cada un dos colectivos implicados. Nos prazos establecidos pola USC, o Centro fixo divulgación das datas do período de avaliación da docencia no taboleiro da EUTS, na pantalla informativa, na páxina web propia e nas aulas así como colocación dos |

| | |
|---|---|
| | carteis remitidos pola Universidade. As actividades programadas para o curso 2014-2015 son:<br>• Charlas específicas a cargo dos coordinadores de cada curso expoñendo gráficamente os resultados acadados polo centro no curso anterior, os datos de participación, e as comparativas ca USC.<br>• Correo electrónico dirixido aos docentes insistindo na importancia de motivación do alumnado para a participación no proceso e do propio profesorado.<br>• Cartelería deseñada específicamente para o centro, que será exposta en aulas e taboleiros xerais.<br>• Anuncio intensivo durante o período de avaliación, na pantalla informativa do centro.<br>• Información e recordatorio na web propia. |